

I. DISPOSICIÓNS XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

14160 *Real decreto 1370/2009, do 13 de agosto, polo que se modifica o Real decreto 944/2001, do 3 de agosto, polo que se aproba o Regulamento para a determinación da aptitude psicofísica do persoal das Forzas Armadas.*

O artigo 23 da Lei orgánica 11/2007, do 22 de outubro, reguladora dos dereitos e deberes dos membros da Garda Civil, establece que os gardas civís teñen a obriga de someterse aos recoñecementos psicofísicos necesarios para determinar a súa aptitude para o servizo, e remite a desenvolvemento regulamentario a forma e os prazos derivados desta obriga.

O artigo 51 da Lei 42/1999, do 25 de novembro, de réxime do persoal do corpo da Garda Civil, dispón que os gardas civís serán avaliados para determinar, entre outros aspectos, a insuficiencia de condicións psicofísicas. No artigo 55.1 establécese que como consecuencia dos recoñecementos médicos ou das probas psicolóxicas e físicas a que se refire o artigo 49, así como nos supostos previstos no artigo 97, ambos os dous da citada lei, se poderá iniciar un expediente para determinar se existe insuficiencia de condicións psicofísicas.

Os preceptos anteriores recóllense no Real decreto 1224/2006, do 27 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de avaliacións e ascensos do persoal do corpo da Garda Civil, que no seu artigo 7 dispón que as avaliacións extraordinarias para determinar se existe insuficiencia de condicións psicofísicas terán por finalidade comprobar a aptitude para o servizo do interesado, de acordo co cadro de condicións psicofísicas correspondente e, de ser o caso, a limitación para ocupar determinados destinos ou o seu pase a retiro. Establece, ademais, que no expediente para determinar se existe insuficiencia de condicións psicofísicas constará o ditame do órgano pericial competente e que será valorado pola xunta de avaliación específica ou polo Consello Superior da Garda Civil, se afecta oficiais xenerais.

A disposición transitoria primeira -referida ao corpo da Garda Civil- do Real decreto 944/2001, do 3 de agosto, polo que se aproba o Regulamento para a determinación da aptitude psicofísica do persoal das Forzas Armadas, establece que, ata a aprobación do regulamento a que se refire o artigo 55.2 da Lei 42/1999, do 25 de novembro, de réxime do persoal do corpo da Garda Civil, a determinación da aptitude psicofísica do persoal da Garda Civil continuará rexéndose pola normativa anterior, salvo os cadros de condicións psicofísicas, que serán os que se establecen no anexo do citado regulamento das Forzas Armadas. Engade ademais, a citada disposición, que as xuntas médico-periciais serán os órganos competentes para emitir os ditames médicos.

En relación co acceso aos centros do ensino de formación do corpo da Garda Civil, o ingreso por acceso directo pódese realizar ben mediante a incorporación á escala de cabos e gardas, á escala facultativa técnica, á escala facultativa superior e á escala superior de oficiais. Nos correspondentes procesos selectivos, a aptitude psicofísica que deben superar componse de probas físicas, recoñecementos médicos e entrevista persoal. Os devanditos recoñecementos médicos efectúanse sobre cadros de exclusións específicos e distintos dos cadros de condicións psicofísicas establecidos no anexo do Regulamento para a determinación da aptitude psicofísica do persoal das Forzas Armadas, aprobado polo Real decreto 944/2001, do 3 de agosto.

As funcións e os labores que deben realizar os gardas civís difiren substancialmente dos asignados ao persoal das Forzas Armadas no ordenamento xurídico vixente, polo que as aptitudes psicofísicas exixidas para o ingreso en ambas as dúas institucións non son as mesmas e, en lóxica consecuencia, as que deben manter uns e outros no exercicio da súa profesión tampouco teñen por que ser idénticas. Nada impide, polo tanto, que a Garda

Civil dispoña dunha regulación propia e distinta pola que rexerse na determinación das aptitudes psicofísicas dos seus compoñentes.

Por outra parte, o Real decreto 1971/1999, do 23 de decembro, de procedemento para o recoñecemento, declaración e cualificación do grao de minusvalidez, ten por obxecto a regulación do recoñecemento de grao de minusvalidez, o establecemento de novos baremos aplicables, a determinación dos órganos competentes para realizar o devandito recoñecemento e o procedemento que se vai seguir, todo iso coa finalidade de que a valoración e cualificación do grao de minusvalidez que afecte a persoa sexa uniforme en todo o territorio do Estado, garantindo a igualdade de condicións para o acceso do cidadán aos beneficios, dereitos económicos e servizos que os organismos públicos outorguen.

No artigo 5 do mencionado real decreto dispónse que a valoración da discapacidade, expresada en porcentaxe, se realizará mediante a aplicación dos baremos que se xuntan como anexo 1.a). Estes baremos establecen normas para a avaliación das consecuencias da enfermidade, de acordo co modelo proposto pola Clasificación internacional de deficiencias, discapacidades e minusvalidez da Organización Mundial da Saúde, e fixan así mesmo as pautas para a determinación da discapacidade orixinada por deficiencias permanentes dos distintos órganos, aparellos ou sistemas.

Por todo o anteriormente exposto, considérase que para determinar a aptitude psicofísica do persoal da Garda Civil resulta máis adecuada a aplicación dos baremos establecidos na lexislación xeral de ámbito estatal, determinada no anexo 1.A) do Real decreto 1971/1999, do 23 de decembro, que os cadros de condicións psicofísicas establecidos no anexo ao Regulamento para a determinación da aptitude psicofísica do persoal das Forzas Armadas, aprobado polo Real decreto 944/2001, do 3 de agosto.

Finalmente, a experiencia acumulada e a casuística estudada na aplicación dos cadros de condicións psicofísicas, anexo ao Regulamento para a determinación da aptitude psicofísica do persoal das Forzas Armadas, aprobado polo Real decreto 944/2001, do 3 de agosto, recomendan revisar determinados conceptos para adaptalos á realidade actual e ás necesidades das Forzas Armadas, polo que se fai necesario actualizar os ditos cadros.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Defensa e do ministro do Interior, no que afecta a Garda Civil, coa aprobación previa do vicepresidente primeiro do Goberno e da ministra da Presidencia, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 13 de agosto de 2009,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 944/2001, do 3 de agosto, polo que se aproba o Regulamento para a determinación da aptitude psicofísica do persoal das Forzas Armadas.*

O Real decreto 944/2001, do 3 de agosto, polo que se aproba o Regulamento para a determinación da aptitude psicofísica do persoal das Forzas Armadas, queda modificado como segue:

Un. A disposición transitoria primeira do Real decreto 944/2001, do 3 de agosto, queda redactada do seguinte xeito:

«Disposición transitoria primeira. *Persoal da Garda Civil.*

Ata a aprobación do regulamento a que se refire o artigo 55.2 da Lei 42/1999, do 25 de novembro, de réxime do persoal do corpo da Garda Civil, a determinación da aptitude psicofísica do persoal do citado corpo continuará a se rexer pola normativa anterior e, en relación cos cadros de condicións psicofísicas, polo establecido no anexo 1.A) do Real decreto 1971/1999, do 23 de decembro, de procedemento para o recoñecemento, a declaración e a cualificación do grao de minusvalidez.

As xuntas médico-periciais serán os órganos competentes para emitir os ditames médicos, que se realizarán segundo o disposto no parágrafo precedente, en que se detallará o diagnóstico da enfermidade ou proceso patolóxico e o grao de discapacidade baseado na severidade das consecuencias da enfermidade.

Os anteriores ditames serán remitidos ao órgano de avaliación constituído no ámbito da Garda Civil, que lle requirirá informe ao persoal especializado competente no corpo en materia da saúde en que se valorará a patoloxía e grao de discapacidade que presente o interesado en relación coas funcións e os labores que puidese desempeñar, para os efectos do disposto no artigo 7 do Regulamento de avaliacións e ascensos do persoal do corpo da Garda Civil, aprobado polo Real decreto 1224/2006, do 27 de outubro».

Dous. Engádense ao final da introdución do anexo, Cadros de condicións psicofísicas, do Regulamento para a determinación da aptitude psicofísica do persoal das Forzas Armadas, o seguinte texto:

«Poderanse aplicar coeficientes distintos aos que figuran nos cadros seguintes, en función das circunstancias da peritaxe, acompañadas dun informe xustificativo.

Nos casos de cambios morfolóxicos ou anatómicos de calquera natureza, valorarase a repercusión funcional que puidese interferir co servizo ou ser prexudicial para a saúde somática e psíquica das persoas.

Ante a asignación dun coeficiente 5, o ditame médico pericial debe propoñer, coa xustificación oportuna e explicitar de forma clara as limitacións de cada caso, unha das catro opcións seguintes:

- a) Non pode exercer as actividades que son exclusivas das FAS, pero pode desempeñar outras actividades nas FAS comúns ao ámbito laboral civil.
- b) Só pode desempeñar actividades laborais no ámbito civil.
- c) Non pode desempeñar ningunha profesión ou oficio.
- d) Non pode desempeñar ningunha profesión ou oficio, nin as actividades da vida diaria».

Tres. A alínea a) do número 21 do anexo Cadros de condicións psicofísicas, do Regulamento para a determinación da aptitude psicofísica do persoal das Forzas Armadas, queda redactada do seguinte xeito:

«a) En evolución ou en tratamento 3-5 F».

Catro. O número 27 do anexo Cadros de condicións psicofísicas, do Regulamento para a determinación da aptitude psicofísica do persoal das Forzas Armadas, queda redactado do seguinte xeito:

«NÚMERO 27: GÓNADAS

Trastornos ou lesións con repercusión funcional ou psíquica 3-5 F». que incida no servizo ou que se poidan agravar por este

Cinco. A alínea e) do número 131 do anexo Cadros de condicións psicofísicas, do Regulamento para a determinación da aptitude psicofísica do persoal das Forzas Armadas, queda redactada do seguinte xeito:

«e) Malformacións ou cambios morfolóxicos dos xenitais 3-5 F». externos, con repercusión funcional ou psíquica que incida no servizo ou que se poidan agravar por este

Seis. A alínea a) do número 132 do anexo Cadros de condicións psicofísicas, do Regulamento para a determinación da aptitude psicofísica do persoal das Forzas Armadas, queda redactada do seguinte xeito:

«a) Malformacións ou cambios morfolóxicos dos xenitais 3-5 F». externos, con repercusión funcional ou psíquica que incida no servizo ou que se poidan agravar por este

Disposición transitoria única. *Procedementos iniciados para o persoal da Garda Civil con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto.*

Os procedementos para a tramitación de expedientes de insuficiencia de condicións psicofísicas de persoal da Garda Civil, iniciados antes da entrada en vigor deste real decreto, continuarán rexéndose pola normativa anterior.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Quedan derogadas todas as disposicións de igual ou inferior rango que se opoñan ao disposto neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do previsto no artigo 149.1.4.^a e 149.1.29.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de defensa e Forzas Armadas e seguranza pública.

Disposición derradeira segunda. *Facultades de desenvolvemento.*

Autorízanse os ministros de Defensa e do Interior, no ámbito das súas respectivas competencias, para ditaren separadamente ou propoñeren conxuntamente cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento deste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Palma de Mallorca o 13 de agosto de 2009.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta primeira do Goberno
e ministra da Presidencia,
MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ